

**ANUNCIO**

**RESOLUCIÓN DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS Á VALORACIÓN DE MÉRITOS E AO SEGUNDO EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN (EXAME TIPO TEST) DO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA EN PROPIEDAD DUNHA PRAZA DE ARQUITECTO/A FUNCIONARIO/A DE CARREIRA, CONTIDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2018 DO CONCELLO DE AMES.**

**EXPEDIENTE GD 2034/2021**

C.I.F.: P - 1500200 - I

O día de 14.06.2022 reunise o Tribunal encargado de xulgar as probas do proceso selectivo para a cobertura en propiedade dunha praza de arquitecto/a, funcionario/a de carreira, contida na Oferta de Emprego Publico 2018 do Concello de Ames, para o estudo e resolución das alegacións presentadas á valoración de méritos e ao segundo exercicio (tipo test) da fase de oposición.

Procedeuse en primeiro lugar a examinar as alegacións á fase de baremación presentadas por tres aspirantes co seguinte resultado:

**Alegacións formuladas por Marta Bellas Rodríguez**

O tribunal tendo en conta a documentación achegada pola aspirante acorda desestimar as alegacións presentadas de acordo ca seguinte argumentación e, en consecuencia, a puntuación definitiva da aspirante na fase de concurso se mantén en 13 puntos.

Argumentación: Tendo en conta a documentación achegada pola aspirante, tanto no momento da presentación da súa solicitude coma posteriormente coas súas alegacións iniciais e coas alegacións presentadas unha vez concedido o trámite de audiencia, esta cursou o *Curso Superior de planeamento e xestión urbanística* impartido pola EGAP no ano 2005 cunha duración de 140 horas lectivas – así se deduce do título presentado, a certificación da EGAP de ter superado o curso e a publicación no DOG que achega a aspirante.

Resulta notorio que o curso alegado non corresponde nin co curso de diplomado técnico urbanista do IEAL/INAP nin co curso superior de técnico de urbanismo da EGAP. En consecuencia, o Tribunal entende que debe valorarse a posibilidade de incluír o curso alegado na última das categorías previstas neste apartado: “*outros desta especialidade de análoga entidade*”. O Tribunal debe proceder a realizar a valoración dun concepto xurídico indeterminado, tendo en conta que a propia Base décimo primeira lle atribúe ao Tribunal a facultade para resolver e/ou interpretar as dúbidas que se puideran presentar e tomar os acordos necesarios para a boa orde e adecuado

DATA DE SINATURA: HASH DO CERTIFICADO:  
15/06/2022 IFCE09B2814B44C9C80E C022BB1B85788B2776FE

POSTO DE TRABALLO:  
Axudanta a Intervención

NOME:  
MARIA PARDO QUINTANA

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC2B5D0A670DE957E4394

desenvolvemento do proceso, con pleno sometemento e adecuación ás previsións normativas aplicables ao respecto.

No presente caso, ao tratarse dun procedemento de selección de persoal, a determinación da alternativa realmente xusta, debe estar inspirada nos principios constitucionais que han de rexer este tipo de procesos, isto é, os principios de igualdade, mérito e capacidade. Así, en aplicación destes principios o Tribunal considera que para a determinación dos cursos que deban incluírse neste apartado deben valorarse tanto o contido, que neste caso non resulta controvertido, pois efectivamente o curso alegado se refire á materia de urbanismo, coma a duración do mesmo, pois en caso contrario, de considerar que non ten relevancia o número de horas adicados ao estudo da materia este Tribunal entende que non se estaría aplicando debidamente o principio de igualdade no procedemento.

Por tanto, o Tribunal acorda desestimar as alegacións presentadas pola aspirante, sen que resulte posible outorgar puntuación algunha específica dentro deste apartado ao curso en proporción ás horas ao non constar dita posibilidade nas bases do proceso selectivo. O curso indicado si foi obxecto de valoración no apartado outros cursos

### **Alegacións formuladas por Lino Manuel Doporto Framil**

O tribunal tendo en conta a documentación achegada polo aspirante acorda estimar as alegacións presentadas de acordo ca seguinte argumentación e, en consecuencia, a puntuación definitiva do aspirante na fase de concurso é de 10,50 puntos.

Argumentación: O Tribunal, en aplicación da doutrina xurisprudencial que distingue entre a alegación de méritos e a xustificación dos mesmos, acorda estimar a alegación presentada polo aspirante, dado que se trata de méritos que foron alegados coa presentación da solicitude pero cunha xustificación documental errónea, incompleta ou insuficiente, pois si constan as certificacións dos Concellos nos que prestou os servizos pero non foi presentada a correspondente vida laboral que achegou na fase de alegacións.

### **Alegacións formuladas por Manuel Pueyo Varela**

O tribunal tendo en conta a documentación achegada polo aspirante acorda estimar as alegacións presentadas de acordo ca seguinte argumentación e, en consecuencia, a puntuación definitiva do aspirante na fase de concurso é de 13,3 puntos.

Argumentación: En data 30.05.2022 o aspirante Manuel Pueyo Varela presenta alegacións á baremación de méritos do Tribunal, en particular á puntuación outorgada no apartado de experiencia



no que se lle concederon 7,8 puntos, cando o aspirante xustifica unha puntuación maior na súa baremación. O aspirante alega que conta con experiencia nos Concellos de Teo, Vimianzo, Santiago de Compostela, no Concello de Cee e no Concello de Poio. Aclara que en ningún dos casos se están a xustificar docencia, senón traballo en oficinas técnicas da administración local.

Revisada a documentación achegada polo aspirante conséntase que efectivamente non se puntuou a experiencia no Concello de Poio, no que o aspirante traballou como arquitecto responsable da oficina de rehabilitación, constando en relación con esta experiencia tanto a certificación do Concello de Poio coma a alta na seguridade social na data sinalada.

A continuación se procede a examinar as alegacións o resultado do exame tipo test cuxos resultados foron publicados o día 03.06.2022. En concreto, as alegacións / impugnacións son as seguintes:

APELIDOS E NOME	PREGUNTAS IMPUGNADAS	SOLICITA
González Blanco María Isabel	95	A resposta correcta sería a b. So se manteñen vixentes as categorías de solo rústico nos planeamentos adaptados á Lei 9/2002, non sendo o caso do PXOM de Ames.
Hervella Gómez, José Ramón	29	Anulación da pregunta dado que a opción que se da como correcta na plantilla de resultados é unha interpretación errónea da lei, e en todo caso, unha interpretación. Non o que a lei di literalmente.
Macía Rodríguez, María	37	No texto da pregunta non se especifica local de risco especial, polo que considera que non se podería considerar como correcta ningunha das respostas
	43	A esixencia en usos distintos de residencial de vivenda de contar con prazas de aparcamento accesibles so esixe en edificios ou establecementos con aparcamento propio cuxa superficie exceda de 100m <sup>2</sup>
	63	A opción a) dada como correcta na plantilla do exame non sería correcta xa que o poder executar as obras de cambio do material de cubrición obedece á exclusión establecida no artigo 86.3 do RLSG e non ao feito de que sexa un acto suxeito ó tramite de comunicación previa.
	71	Considera que se debe considerar como válida a opción a) ou, que se considere incompleta a resposta a) e se anule a pregunta.
Louzao Pernas, María de la Cruz	29	A resposta correcta é a b
Banhos Martins, Marinha Constanza	29	Están erradas
	42	Están erradas
Labrador García María	38	A resposta b) sería correcta se se dixese o que recolle a táboa 1.1 da sección 4 do DB-SI
	51	Da descrición literal do Real Decreto dedúcese que realmente todas as respostas son correctas.
	71	A correcta é a letra a)

APellidos e Nome	PREGUNTAS IMPUGNADAS	SOLICITA
	95	A correcta é a letra b)
Magdalena Nogueira, José	19	O artigo 205.4 da Lei 2/2015 establece que se publicarán anuncios no DOG e no BOE
	42	En zonas comúns de uso residencial de vivenda o largo mínimo fixado na "Terminoloxía" apartado "itinerario accesible" é de 1,10 metros e o estreitamento puntual de 1.00 metro. Ningunha das respostas é correcta.
	95	O PXOM de Ames é anterior e non está adaptado á Lei 9/2002 polo que é de aplicación o apartado 2 da DT 1ª "Réxime dos municipios con planeamento non adaptado" da Lei 2/2016 e non o apartado 1.d

A continuación, o Tribunal procedeu á examinar as alegacións co seguinte resultado:

**Pregunta 19:** Se ben é certo que a resposta indicada se refería á Lei 7/1985, e a transcripción literal é correcta, non obstante debe terse en conta tamén o establecido especificamente na Lei de Emprego Público de Galicia para as Entidades Locais, norma que se incluía no temario a valorar. As opcións proporcionadas podían dar lugar a confusión na elección da resposta correcta polo que o Tribunal acorda anular a pregunta 19 e substituír a mesma pola pregunta de reserva nº 2, dado que a pregunta de reserva nº 1 xa foi empregada polo Tribunal para substituír á pregunta nº 56 do cuestionario segundo consta na Acta nº 3 de 2 de xuño de 2022.

**Pregunta 29:** A pregunta impugnada propuña como solución correcta a letra c), sendo a mesma errónea por non responder á literalidade do precepto, sendo correcta a opción b) "*No prazo que se determine no prego de cláusulas administrativas particulares por razón das súas características*" atendendo á literalidade do precepto. En consecuencia o Tribunal acorda corrixir a opción que se indicaba como correcta na plantilla de corrección, senda a opción correcta a prevista na letra b).

**Pregunta 37:** No apartado 2 "Locais e zonas de risco especial", da sección SI1 "Propagación interior", táboa 2.1 "Clasificación dos locais de risco especial integrados en edificios" establece risco baixo, risco medio e risco alto, recollendo dentro de "En calquera edificio ou establecemento" punto 5º "Vestuarios de persoal" de 150 metros por estar incluído entre 100 e 200 \*m2 como de risco medio. Máis adiante recóllese o local de contadores eléctricos e a sala de grupo electrógeno como local de risco baixo en todo caso. Tendo en conta que o DB-SI como se indica na alegación só cataloga en 3 niveis de risco os locais denominados de risco especial non existe confusión respecto da aplicación aos supostos propostos e ademais como se indicou as opcións a) e b) correspondían a risco baixo. Polo tanto o Tribunal acorda desestimar a alegación presentada.



**Pregunta 38:** A Sección DBSI 4 “Instalacións de protección contra incendios” na súa táboa “dotación de instalacións de protección contra incendios” establece “A 15 metros de percorrido en cada planta, como máximo, desde todo orixe de evacuación” tal e como se expón na alegación presentada. Por tanto, en calquera caso, independentemente da superficie ou dimensión do local deberá establecerse un extintor sen superar esta distancia de 15 metros desde toda orixe de evacuación, non sendo aceptables por non constar así no DBSI ningunha das outras opcións propostas no cuestionario. En consecuencia, o Tribunal acorda desestimar a alegación presentada.

**Pregunta 42:** A chave desta pregunta está en prestar atención na dimensión do estreitamento máximo posible, que en calquera caso non pode ser de anchura inferior a 1 metro, polo que as opcións a) e b) efectivamente non son posibles. Na terminoloxía do DB-SUA-9 recóllese que a anchura libre de paso será  $\geq 1,20$  m, se ben nas zonas comúns de edificios de uso Residencial Vivienda se admite 1,10m e os estreitamentos puntuais de anchura  $\geq 1,00$ m polo que a resposta proposta é axustada ao establecido na mesma. O Tribunal, segundo o anterior acorda desestimar a alegación presentada.

**Pregunta 43:** Se ben na cuestión se podería ter concretado a superficie do local; non obstante a redacción da mesma non pode apreciarse que induza a confusión. Entre as respostas propostas fíxanse o número de prazas accesibles coas que se debe contar no aparcamento, sen que se introduza matiz algún ou se contemple a posibilidade de responder que non procede a esixencia de prazas accesibles. Por tanto, o Tribunal acorda desestimar a alegación presentada.

**Pregunta 51:** Na pregunta proposta non se estableceu se é promotor privado ou unha Administración Pública quen promove as obras, polo que o Plan de Seguridade e Saúde podería ser aprobado polo promotor das obras no caso de ser promovidas pola Administración Pública, independentemente da necesidade do informe favorable do coordinador de seguridade e saúde. Por iso o Tribunal acorda anular a pregunta e substituíla pola reserva nº 3.

**Pregunta 63:** Tal e como se indica na alegación o cambio material de cubrición dun edificio de vivendas cumpre coas dúas condicións que se indican a continuación en relación á pregunta realizada: É un acto de edificación suxeito ao réxime de intervención municipal de comunicación previa por non estar expresamente suxeito a licenza (art. 143.3 LSG) e trátase de obras de mantemento e conservación e polo tanto non están afectadas pola suspensión de licenzas que opera obrigatoriamente tras a aprobación inicial dos instrumentos de planeamento urbanístico, neste caso, unha modificación puntual do PXOM (art 86.3.a) LSG) Tendo en conta o anterior o enunciado da pregunta non contén contradición algunha que induza a erro ou que poida implicar unha confusión ao respecto das outras respostas posibles, todo o contrario, tal e como reconece a alegante, a natureza

das obras indicadas que son de mantemento e conservación implica necesariamente que non están afectadas pola suspensión de licenzas (artº 86.3.a) LSG), pero tamén que se trata de obras suxeitas ao réxime de intervención municipal de comunicación previa o que fai inequivocamente que non sexan obxecto de licenza de obras e que polo tanto non estean afectadas pola suspensión destes títulos habilitantes que se produce con carácter xeral pola aprobación inicial do planeamento urbanístico.

E dicir que a segunda parte da resposta sinalada coa letra a) non fai mais que acentuar o feito de que como obras que son “obxecto de comunicación previa” non poden estar suxeitas á suspensión de licenzas que se produce de xeito obrigatorio para os actos de edificación e uso do solo que son obxecto deste título habilitante. O Tribunal, en consecuencia, acorda desestimar a alegación presentada.

**Pregunta 71:** Neste caso o que se cuestiona é a distancia á que se deben situar os cerramentos que se constrúan con obra de fábrica nunha estrada municipal que non estaría afectada pola lexislación sectorial en materia de estradas. Para elo a alegante susténtase en que o feito diferencial que se establece no artigo 92.1. da LSG, que é no que se regula este aspecto, non se fai mención á clasificación do solo senón ao feito de que se trate de zonas non consolidadas pola edificación, en cuxo caso podería aplicarse o precepto anulado pola Lei 4/2021, do 28 de xaneiro, de medidas fiscais e administrativas e manterse a regulación anterior de que a distancia será de 4 metros ao eixo da vía pública agás que o PXOM contemple unha distancia superior, en cuxo caso a resposta correcta sería a “a” e non a “b”. Respecto do anterior compre sinalar que esta disposición pese a non ser de exclusiva aplicación no solo rústico, cuestión que non se establece na pregunta, si é típica desta clase de solo na que o plan xeral non establece aliñacións cosa que si fai no solo de núcleo rural e no solo urbano que son as clases de solo nas que se pode producir o feito de que haxa zonas consolidadas pola edificación. E dicir, que a pregunta o falar do solo rústico, dirixe especificamente a cuestión cara a un suposto no que non pode existir unha consolidación pola edificación, porque senón trataríase doutra clase de solo.

Si o anterior non fose bastante a propia resposta “a” fai referencia ao “(artº 92.1. LSG)” cuxo tenor literal é o seguinte:

“1. As construcións e cerramentos que se constrúan con obra de fábrica, vexetación ornamental ou outros elementos permanentes en zonas non consolidadas pola edificación terán que desprazarse un mínimo de 4 metros do eixo da vía pública á que dean fronte.

Unicamente se exclúe desta obrigación a colocación de mouteiras e peches de postes e arame destinados a delimitar a propiedade rústica, así como o establecido no artigo 26.1.e).”

Probablemente, a alegante non estea a ter en conta a modificación desta disposición pola Lei 4/2021, e por iso considerou válida a opción a).

Por outra parte, tamén se impugna a pregunta facendo referencia á regulación que se contén no primeiro parágrafo do artigo 217.1.do RLSC cuxo tenor literal é o seguinte:



“1. As construcións e peches que se constrúan con obra de fábrica, vexetación ornamental ou outros elementos permanentes en zonas non consolidadas pola edificación terán que desprazarse un mínimo de 4 metros do eixo da vía pública á que dean fronte, **salvo que o instrumento de ordenación urbanística estableza unha distancia superior**”.

Tal e como se indica ao final desta disposición do RLSG este artigo desenvólvese a partir do 92.1. da LSG que foi modificado pola Lei 4/2021, do 28 de xaneiro, de medidas fiscais e administrativas suprimindo a parte final do parágrafo transcrito que se destaca en negra, eliminando a referencia á maior distancia que se poida establecer no instrumento de ordenación urbanística, quedando coa redacción que se transcribe a continuación:

“1. As construcións e cerramentos que se constrúan con obra de fábrica, vexetación ornamental ou outros elementos permanentes en zonas non consolidadas pola edificación terán que desprazarse un mínimo de 4 metros do eixo da vía pública á que dean fronte.

O RLSG é o regulamento de desenvolvemento da LSG e en consecuencia as súas disposicións non poden ir en contra das determinacións da lei que desenvolve, polo tanto, compre considerar que a disposición correcta referente á protección das vías de circulación é a que se contén no artigo 92.1. da LSG e non a que se indica no artigo 217.1. do RLSG. Tendo en conta as anteriores consideracións o Tribunal acorda desestimar as alegacións presentadas.

**Pregunta 95:** O Tribunal revisada a pregunta impugnada constata un erro na resposta proposta, sendo a correcta a contida na letra b) no canto da letra c) que era a que se propuña como correcta inicialmente. O Tribunal acorda corrixir a resposta sinalada como correcta na plantilla, sendo a correcta a prevista na letra b)

Corrixidos novamente os exames de acordo coa plantilla definitiva o resultado da proba tipo test é o seguinte:

ASPIRANTE	Correctas	En Branco	Incorrectas	Puntuación
Alonso Blanco, Sofia	59	26	15	5,2
Arias Carriba, Monica	55	34	11	5
Banhos Martins, Marinha Constanza	59	27	14	5,2
Bellas Rodriguez, Marta	76	14	12	7
Doporto Framil, Lino Manuel	55	30	15	Non Apto
Fernandez Rubio, Sandra	50	31	19	Non Apto
Gamborino Carames, Maria Inmaculada	34	15	51	Non Apto
Gonzalez Blanco, Maria Isabel	78	12	10	7,3
Hervella Gomez, Jose Ramon	67	0	33	5,1
Labrador Garcia, Maria	62	16	22	5,1
Lopez Durando, Ana	61	27	12	5,5
Louzao Pernas, Maria De La Cruz	81	3	16	7,3
Macia Rodriguez Maria	71	15	14	6,4

ASPIRANTE	Correctas	En Branco	Incorrectas	Puntuación
Magdalena Nogueira, Jose	57	36	7	5,4
Montero Gonzalez, Maria	75	14	11	7
Pereira Da Silva, Amelia Rosalia	66	17	17	5,8
Perez Viña, Divina	45	10	45	Non Apto
Pueyo Varela, Manuel	78	12	10	7,3
Queiro Arias, Alvaro	43	29	28	Non Apto
Reguera Seoane, Miguel	72	7	21	6,2
Riveira Fontepedriña, Tania	49	32	19	Non Apto
Sastre Otero, Martin	67	10	23	5,6
Silva Seoane, Cayetana	47	37	16	Non Apto
Tarrio Goy, Santiago	45	13	42	Non Apto
Varela Fernandez, Ricardo	47	31	22	Non Apto

De acordo co indicado, faise publico que o tribunal

1. Desestimou as alegacións presentadas á baremación de méritos pola aspirante Marta Bellas Rodríguez polos motivos indicados e estimou as alegacións de Lino Manuel Doporto Framil e Manuel Pueyo Varela polos motivos indicados e amosando o seguinte resultado final:

Aspirante	Méritos		
	Formación	Experiencia	Total
Alonso Blanco, Sofia	3	5,7	8,7
Arias Carriba, Monica	6	8,5	14,5
Banhos Martins, Marinha Constanza	4,5	0	4,5
Bellas Rodriguez, Marta	3	10	13
Brandariz Blanco Jorge	0,25	0	0,25
Bugarin Osorio Jacobo	2,25	0	2,25
Cancela Amigo, Adrian	1,25	0	1,25
Doporto Framil, Lino Manuel	6	10	16
Fernandez Abad, Ines	6	1,8	7,8
Fernandez Rubio, Sandra	2,5	0	2,5
Gamborino Carames, Maria Inmaculada	0,25	0	0,25
Garabal Fernández, Jesus	3	5,7	8,7
Garcia Gerpe, Ana Maria	6	3,4	9,4
Garcia Gil, Federico	4,5	0	4,5
Gonzalez Blanco, Maria Isabel	3	5,2	8,2
Hervella Gomez, Jose Ramon	6	0	6
Iglesias Perez, Braulio Manuel	6	6,9	12,9
Labrador Garcia, Maria	3	5,4	8,4
Lopez Durando, Ana	3	4,7	7,7
Louzao Pernas, Maria De La Cruz	3	5,3	8,3
Macia Rodriguez Maria	3	10	13
Magdalena Nogueira, Jose	0	0	0





Aspirante	Méritos		
	Formación	Experiencia	Total
Montero Gonzalez, Maria	2,75	3,3	6,05
Otero Rodriguez Aurea	0	0	0
Palacios Suárez, Carlos Jose	1,5	0	1,5
Palacio Marin, Laura	3	0	3
Pereira Da Silva, Amelia Rosalia	1,5	0,5	2
Perez Viña, Divina	1,5	0	1,5
Portela Alonso David	3	5,7	8,7
Pueyo Varela, Manuel	4	9,3	13,3
Queiro Arias, Alvaro	1,5	0	1,5
Reguera Seoane, Miguel	0	0	0
Riveira Fontepedriña, Tania	1,25	0	1,25
Rivas Caride, Pablo	3	9,3	12,3
Sastre Otero, Martin	5	0,3	5,3
Silva Seoane, Cayetana	0	0	0
Tarrio Goy, Santiago	2,75	0	2,75
Varela Fernandez, Ricardo	4	4	8
Vazquez Sayáns, Ines	0,5	0	0,5
Viña Segura Maria	1	0	1

2. Estimar /desestimar as alegacións a proba tipo test polo motivos indicados e a puntuación, tras a resolución de alegacións, da proba tipo test é o seguinte:

ASPIRANTE	Correctas	En Branco	Incorrectas	Puntuación
Alonso Blanco, Sofía	59	26	15	5,2
Arias Carriba, Monica	55	34	11	5
Banhos Martins, Marinha Constanza	59	27	14	5,2
Bellas Rodriguez, Marta	76	14	12	7
Doporto Framil, Lino Manuel	55	30	15	Non Apto
Fernandez Rubio, Sandra	50	31	19	Non Apto
Gamborino Carames, Maria Inmaculada	34	15	51	Non Apto
Gonzalez Blanco, Maria Isabel	78	12	10	7,3
Hervella Gomez, Jose Ramon	67	0	33	5,1
Labrador Garcia, Maria	62	16	22	5,1
Lopez Durando, Ana	61	27	12	5,5
Louzao Pernas, Maria De La Cruz	81	3	16	7,3
Macia Rodriguez Maria	71	15	14	6,4
Magdalena Nogueira, Jose	57	36	7	5,4
Montero Gonzalez, Maria	75	14	11	7
Pereira Da Silva, Amelia Rosalia	66	17	17	5,8
Perez Viña, Divina	45	10	45	Non Apto
Pueyo Varela, Manuel	78	12	10	7,3
Queiro Arias, Alvaro	43	29	28	Non Apto
Reguera Seoane, Miguel	72	7	21	6,2

ASPIRANTE	Correctas	En Branco	Incorrectas	Puntuación
Riveira Fontepedriña, Tania	49	32	19	Non Apto
Sastre Otero, Martin	67	10	23	5,6
Silva Seoane, Cayetana	47	37	16	Non Apto
Tarrio Goy, Santiago	45	13	42	Non Apto
Varela Fernandez, Ricardo	47	31	22	Non Apto

3. Os resultados se publicarán no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello, así como na web municipal.

4. Os aspirantes que superaron o segundo exercicio da fase de oposición son convocados á realización do terceiro exercicio (exame escrito de 10 preguntas curtas) para o vindeiro día 21.06.2022 ás 10:00 horas no Pazo da Peregrina de Bertamiráns, debendo acudir provistos do seu DNI.

*Contra o acordo do Tribunal sobre a a resolución de alegacións e publicación de notas, os interesados poderán interpoñer recurso de alzada ante a Alcaldía do Concello de Ames de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas a partir do día seguinte ao da publicación no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello.*

Ames, 15 de xuño de 2022

A secretaria do Tribunal

María Pardo Quintana

